



GRUPO MUNICIPAL

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ, Vicevoceira do Grupo Municipal MAREA PONTEVEDRA, presenta diante do Pleno do Concello de Pontevedra, para o seu debate e aprobación, se procede, a seguinte PROPOSICIÓN ao abeiro dos artigos 67, 117 e 118 do Regulamento Orgánico do Pleno e das súas Comisións, solicitando que o Concello **QUE READAPTEN A SINALIZACIÓN HORIZONTAL (REPINTADO) E VERTICAL DAS PRAZAS DESTINADAS AOS VEHICULOS DE EMERXENCIAS SANITARIAS UBICADAS NOS ENTORNOS DOS CENTROS DE ATENCIÓN SANITARIA AMBULATORIA NO MUNICIPIO DE PONTEVEDRA.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os servizos de transporte sanitario, xa sexan de emerxencia ou programados percorren o noso municipio a cotío, aínda que existen diversas prazas destinadas a estes vehículos na contorna dos centros de atención sanitaria ambulatoria e centros de rehabilitación estas non se adaptan a envergadura dos vehículos sanitarios, a medicalizada ou U.V.I. mide 6,70 m de longo e 2,50 de ancho, e a asistencial ou transporte básico con 5,40 m de longo de 2,30 de ancho. Asemade ou ben falta sinalización vertical ou se precisa un repintado da horizontal.


A continuación facemos unha **relación das deficiencias detectadas:**

No punto de **Atención Continuada (PAC) de A Parda**, non se dispón de praza de estacionamento para os servizos de emerxencias fóra do recinto sanitario, “non se contempla que estes vehículos de emerxencias teñan que esperar”. Con frecuencia os vehículos particulares obstaculizan o acceso a entrada do centro, incluso chegando a estacionarse en dúas liñas de coches, co cal as ambulancias non dispoñen de espazo de acceso, tendo en conta o volume de servizos que realizan as ambulancias asistenciais, e en menor medida a medicalizada. Isto prodúcese con maior frecuencia durante as fins de semana, xa que desde as 15 horas do sábado ata as 8 horas do luns é o centro de referencia das urxencias non hospitalarias para os concellos de Pontevedra, Campolameiro, Vilaboa, Cotobade, Poio, Soutomaior, Pontecaldelas, a Lama e Barro, acumulando unha afluencia de pacientes considerable e que descoñecen que nas proximidades deste centro existe un aparcamento público e gratuíto.




Centro de Atención Continuada PAC de A Parda

No **Centro de Saúde Virxe Peregrina**, as tres prazas existentes na rúa Echegarai indicadas para estacionamento dos vehículos de emerxencias están permanentemente ocupadas por vehículos particulares. Os cales teñen un cartel de “autorizados”: con membrete da Policía Local, sen cuño. Algo que desde Marea Pontevedra, podemos constatar en diversos días e a diferentes horas do día (véxase as seguintes fotografías).



“Tarxetas de estacionamento autorizado” nas prazas de servizos de emerxencias no Centro de Saúde Virxe Peregrina.



“Tarjetas de estacionamiento autorizado” nas prazas de servizos de emerxencias no Centro de Saúde Virxe Peregrina.



Centro de Saúde Virxen Peregrina

No **Centro de Saúde de Lérez** a praza existente para estacionamento das ambulancias resulta insuficiente pola envergadura tanto da asistencial coma da medicalizada. Cómpre sinalar que as ambulancias con persoas doentes que acoden a citas programadas (transporte programado ou asistencial) levan rampa, a cal precisa entre 1,60 e 2 m (estas persoas levan as súas propias cadeiras de rodas). En no caso da ambulancia medicalizada, esta ten 6,70 m de longo, por 2,5 m de ancho, xunto cos

2,40 m que precisan para poder baixar a padiola e manobrar, fan un total de 9,10 m; é dicir que se estaciona a ambulancia na praza que lle corresponde invade un dos carrís da calzada xa que polo seu tamaño queda fóra de devandita sinalización, tanto pola lonxitude coma pola anchura. É necesario sinalar que este estacionamento atópase a beira dunha vía de dobre sentido de circulación co cal o volume de tráfico de vehículos e considerable, que xunto cun aparcamento privado que se atopa noutro lado da rúa fai que incremente a circulación de vehículos.



Centro de Saúde Lérez

No **Centro de Saúde de Monteporreiro**, non se dispón de sinalización vertical e a horizontal existente apenas se distingue, co cal moitos vehículos particulares estacionan na mesma. Xusto no límite desta praza de estacionamento atópase unha árbore a cal interfere constantemente nas manobras dos equipos de emerxencias tanto ao baixar coma a subir a padiola.



Centro de Saúde Monteporreiro



Centro de Saúde Monte Porreiro

No **Centro de Especialidades de Mollabao (Casa do Mar)**, non existe praza destinada aos vehículos de emerxencias sanitarias, estacionan na parte interior do túnel existente e tampouco hai sinalización vertical nin horizontal a tal efecto.



Centro de Especialidades de Mollabao

No **Centro de Saúde de Pontesampaio**, non se dispón de praza específica para o estacionamento das ambulancias, algo que non se contemplou na última reforma da vía, e na actualidade condicionado polas condicións da vía, nin de ningún tipo de sinalización a tal efecto.



Centro de Saúde Pontesampaio.

Por todo isto, Marea Pontevedra presenta a seguinte,

PROPOSICIÓN

- Ampliar a lonxitude e anchura, na medida do posible, das prazas existentes para os servizos de emerxencias sanitarias ubicados nos centros de asistencia ambulatoria.
- Repintar a sinalización horizontal e poñer sinalización vertical nos lugares onde se precise a tal efecto.

En concreto:

→ No centro de saúde Virxe Peregrina:

- Que se valore pintar un cebreado diante da subida as escaleiras de acceso para os vehículos sanitarios, ao ter as prazas laterais na rúa Echegarai ocupadas constantemente, e non dispoñer de ningún outro espazo habilitado a tal efecto.
- Poñer sinalización vertical a tal efecto.
- Durante as festas da Peregrina, de xeito provisional para non interferir na saída de tráfico por diante deste centro de saúde, poñer ao pe da rampa de baixada que xa existe, un sinal provisional que indique que é lugar de estacionamento de vehículos de emerxencias sanitarias. O tempo de demora destes servizo soe ser moi breve.

→ No PAC de A Parda, no acceso principal:

- Poñer sinal de prohibido circular excepto vehículos de emerxencias
- Poñer sinal de prohibido estacionar en todo o recinto, agás vehículos de emerxencias
- Poñer sinal que indique a existencia dun aparcamento público disuasorio nas inmediacións do centro de saúde.

→ No Centro de Saúde de Lérez:

- Facer repintado adaptado as novas dimensións das ambulancias.
- Poñer sinalización vertical no caso de que se cambie a ubicación da praza existente.

→ **No Centro de Saúde Monteporreiro:**

- Que se desprace a praza existente de estacionamento para as ambulancias, evitando así a árbore existente na actualidade, quedando mais próxima á rampa de acceso, do devandito centro.
- Facer repintado e poñer sinalización vertical de vehículos de emerxencias.

→ **Na Casa del Mar de Mollabao:**

- Poñer sinalización vertical e horizontal, fóra do túnel.
- Instar as administracións competentes (Instituto Social da Marina, e o Sergas (que ten en réxime de aluguer ou cesión o desfrute deste espazo) a que valoren poñer unha praza de estacionamento para os servizos de emerxencias no interior do devandito túnel.

→ **No Centro de Saúde Pontesampaio:**

- Poñer sinalización vertical e horizontal nas inmediacións do centro de saúde.
- Que se estude a creación dunha praza para os vehículos de transporte sanitario.

Pontevedra, 14.03.2016

A Vicevoceira do Grupo Municipal de Marea Pontevedra

MARÍA DEL CARMEN MOREIRA MARTÍNEZ